

EXPEDIENTE	2024069258
ASUNTO	MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL DIRECTIVO PARA CREAR O POSTO DE DIRECTOR/A DE TURISMO
TRÁMITE	PROPOSTA DE ACORDO

Resultando que por acordo adoptado no Pleno da Corporación Provincial, celebrado o 27/12/2024, apróbase definitivamente o orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio 2025, xunto co cadro de persoal e relacións de postos de traballo de persoal funcionario, laboral, eventual e directivo.

Resultando que en data 06/03/2025 o deputado delegado de persoal propón que se proceda a creación dun posto de traballo de director/a de turismo na RPT de persoal directivo con cargo de alto cargo, clasificado no subgrupo A1, cunha retribución anual total de 68.583,71 €, sendo de adscrición indistinta, polas características específicas das funcións a desenvolver, que se concretan na dirección da área de turismo desta Institución, baixo a dependencia do/a deputado/a provincial con competencias nesta materia e con suxeición aos procedementos marcados pola Corporación e pola lexislación vixente para a realización de actuacións, que en exercicio de competencias propias ou delegadas, conleven a existencia de especial responsabilidade e competencia técnica e directiva.

Resultando que a creación deste posto fundaméntase na potestade de autoorganización da Deputación Provincial e levase a cabo co propósito de impulsar a promoción dos recursos e da infraestrutura turística do destino Rias Baixas nas súas diferentes liñas de actuación e desde a base da planificación estratéxica, o que representa un paso fundamental de cara a profesionalización da dirección pública da entidade; de forma que a súa implantación contribuirá a unha xestión máis eficiente, transparente e orientada a resultados, mellorando o impacto das políticas turísticas no territorio; ademais, de contribuír ao reforzamento e formalización da dirección pública profesional no ámbito local.

Resultando que a necesidade dun directivo profesional cunha visión global do sector turístico xustifícase ante a crecente demanda de planificación estratéxica e captación de oportunidades externas. Neste sentido a proposta aclara que este novo posto non substituirá as funcións da xefatura do Servizo, senón que as potenciará mediante a implementación dunha dirección estratéxica coherente e eficaz, en concordancia cos obxectivos doutras áreas de xestión de competencias da Deputación de Pontevedra, delimitando de forma detallada as funcións que corresponden a cada posto.

Resultando que segundo se argumenta na proposta o sector turístico require unha coordinación constante con organismos autonómicos, estatais e internacionais, así como co sector privado, polo que a figura dun director/a de Turismo garantirá a representación institucional xunto cos



deputados e deputadas provinciais e a xestión eficaz deses vínculos e contribuirá a mellorar a eficiencia do Servizo de Turismo, optimizando a planificación e execución de proxectos e asegurando unha mellor asignación de recursos. Ademais, permitirá reforzar a avaliación do impacto das políticas turísticas mediante a aplicación de novas metodoloxías.

Resultando que a urxencia ven motivada pola necesidade de dispor dun perfil especializado para levar a cabo cantas accións sexan precisas para definir, desenvolver, coordinar e executar a política provincial na área de turismo.

Resultando que o custo laboral que deriva desta modificación detallase no seguinte cadro:

Custos laborais	Importe anual	Aplicacións orzamentarias
Retribucións totais	68.583,71 €	De ser FC: 921.9200.120.00; 212.00 e 121.01 De ser LAB: 921.9200.131.00
Cota empresarial á seguridade social	18.852,61 €	De ser FC: 921.9200.160.00 De ser LAB: 921.9200.160.01
TOTAL	87.436,32 €	

Considerando que a figura do persoal directivo profesional recóllese nos artigos 13 do Real decreto legislativo 2/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP) e do 33 a 36 da Lei 2/2015, de 29 de outubro, de emprego público de Galicia (LEPG).

Considerando que os artigos 4.1 e 33.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LRBRL), 70.3 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais (ROF), e 126.3 do Real decreto legislativo 781/86, de 18 de abril, pola que se aproba o Texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), atribúen ó Pleno da Corporación Provincial a organización da Deputación, así como a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo a través do orzamento provincial.

Considerando que así mesmo, o artigo 33.1 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), atribúe ao Pleno da Corporación Provincial a aprobación e modificación dos orzamentos, de acordo co previsto na Lei Reguladora de Facendas Locais.

Considerando que neste caso, a modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo de persoal directivo que se propón motivase na potestade de autoorganización da Corporación Provincial, recoñecida nos citados artigos, así como na adaptación da estrutura de persoal ás necesidades desta área de goberno, estando suficientemente motivada a proposta, xa que diferencia as funcións que corresponden a este novo cargo, centradas na planificación



estratéxica, deseño, liderado e representación, das que se atribúen á actual xefatura de Servizo, de organización, execución, administración, xestión, coordinación, supervisión e control.

Considerando que de acordo co indicado no artigo 33 da LEPG e 13 do TRLEBEP a determinación das condicións de emprego do persoal directivo non ten a consideración de materia obxecto de negociación colectiva.

Considerando que tal e como esixe o artigo 126.3 do TRRL, a modificación do cadro de persoal durante a vixencia do orzamento requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación de aquel.

Considerando que neste sentido, o artigo 168 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinala que a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo seguirá os mesmos trámites que a aprobación do orzamento, os cales se describen neste mesmo artigo e seguintes, 169 e 170, o que require aprobación inicial, exposición ao público por período de 15 días hábiles a efectos de reclamacións, e aprobación definitiva, debendo, non obstante, terse en conta o artigo 202 da Lei 2/2015, que fixa un prazo de información pública non inferior a vinte días.

Considerando canto antecede, vistos os informes que obran no expediente, **PROPONSE** crear no cadro de persoal directivo con rango de alto cargo da Deputación Provincial de Pontevedra o posto de traballo de director/a de Turismo, clasificado no subgrupo A1, cunha retribución anual total de 68.583,71 €.

Asinado dixitalmente ao marxe.

